

SEMPRE SE NOTAN AS AUSENCIAS

Un curso máis está a piques de rematar. Xa nos queda moi lonxe Setembro de 1993. Colexio recién pintado, compañeiros novos, profesores novos. ¿Quen falta?

¡Ah, si! Algún rapaz dos cursos baixos que marchou e profesores que pediron ser trasladados a outros pobos. O de tódolos anos.

Pois non, non é o de tódolos anos. Neste curso votamos de menos a tres mestres, a Dna. Lucita, a Dna. Trini e mais a Dn. Alfredo.


Dna. Lucita xubilouse en Xuño, iso xa o sabiamos todos, pero o verán fíxonos esquecer que non volvería. Desde estas páxinas, nas que nos axudou tantas veces a participar, quèrémoslle desexar todo o mellor

do mundo e que saiba que os alumnos de 7º e 8º non van esquece-las súas clases de Sociais nin os seus consellos para chegar a ser homes e mulleres de ben.

De quen non contabamos coa súa ausencia foi de Dna. Trini e de Dn. Alfredo. Si, a Dna. Trini vémolatódolos días á entrada ou á saída, ou na aula de Informática, non na clase de Inglés. Dn. Alfredo en O Barco, polo visto está a coordinar cursos para que os mestres se reciclen. Tamén a eles desexámoslles todo o mellor, e o noso agradecemento está aquí, no Nº 8 do Xornal **CANDÍS**, de algo nos habían vale-las clases de Informática.

Gracias por todo a todos.

Alumnos de 7º e 8º



UNHA NOVA EXPERIENCIA: A RADIO.

Algúns alumnos de oitavo, en representación de todo o curso, presentáronse o día 11 de marzo nos estudos de "Radio Voz Valdeorras" para realizar unha experiencia radiofónica, falando sobre "*A pizarra en Carballeda: un pouquiño da súa historia*".

Antes de comeza-la entrevista, todos eramos nervio puro; e a xornalista para tranquilizarnos fíxonos unha proba para equilibra-lo volume das nosas voces e dáno-las consignas no momento de face-la gravación; luz vermella acesa, todos caladiños e atentos. Luz apagada, todos a toser e con ganas de respirar forte á vez que soltabamos unha pequena gargallada.

Non imaxinamos toda aquela morea de micrófonos, máquinas, e chea de artiluxios que son necesarios para que a través das ondas escoitemos nos nosos transistores.

O que é escoitar, ¡vaia se se escoitaba


ben a radio de Madrid alí!, non como nas nosas casas, que parece que os aparatos teñen catarro.

Nós á vez que facíamo-la entrevista, ollabamos para unhas tortas de roxóns que fixeran pola mañá para participar nun concurso.

O remata-la gravación, todos esperabamos que alguén nos dera a proba; malia a indirecta que lle botou a mestra, saímos do estudio saboreando o que non comimos.

De tódolos xeitos este último detalle carece de importancia, pois a experiencia pola que pasamos pagou a pena e xa estamos pensando en volver para o ano que ven, aínda que non esteamos no colexio.

ALUMNOS DE OITAVO.



A experiencia radiofónica levounos moitas horas de traballo

UNHA DE CEREIXAS

Todo estaba preparado: a árbore, as cereixas maduriñas e nós que eramos os mellor preparados. Xa subíramos á árbore, estíbame moi ben alí arriba, as cereixas boísimas, en fin, ¿que máis se podía pedir para unha tarde de lecer?. Os donos non se enteraban de nada, facía un sol espléndido e nós enchéndonos a comer.

De súpeto vimos ó dono achegarse. Baixamos da árbore coma lóstregos, e unha vez no chan, sen solta-las bolsas de cereixas que colleramos, botamos a correr todo o que daban as nosas pernas. Miramos para atrás, e vimos que non nos seguía ninguén. Sentámonos e outra vez a comer cereixas.

Ó día seguinte arrepentinme de ter papado tantas; tiven unha..., e encima descubríronnos.

Roberto M. Iglesias Coto 8º

SERVICIO DE MANTEMENTO

O pasado día 16 de marzo corrían As tres da tarde, veu a mestra e mandounos a todos para o patio a coller papeis de chupachuses e doutras lambetadas que había tirados no chan.

Eu ía no corredor do colexio con dous amigos para baixar, pero a mestra díxome que volveira para a clase porque eu non era dos que participaban na "ruta do colesterol".

Mentres eu quedei na clase, esperando. Estiveron no patio por espacio de media hora e cando subiron, todos dicían que lle doían as costas. Sentáronse todos, cansos e sen ganas de falar ata que chegou a mestra. Advertiunos de novo que como volveramos tirar papeis baixariamos outra vez.


Logo déuno-las notas do exame de galego que fixeramos o día anterior.

Gilberto Fernández Carrera 8º

JOSÉ ANTONIO PRADA

ELECTRODOMÉSTICOS, MOBLES, FERRAXERÍA...

SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE) TNO. 335013



COVASIL, S.L.

**MATERIAL DE PERFORACIÓN
CONSTRUCCIÓN
O. PÚBLICAS
CANTEIRAS
MINERÍA**

R/ A Estación, 45 - 47 - tno. (988) 334800 - Fax (988) 335183

SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)

UNHA CARTA PARA O DÍA DA PAZ E O RESTO DO ANO

Esta carta vai dirixida a todas aquelas persoas que queren paz.

Eu son unha nena de 13 anos á que non lle gusta que haxa fame no mundo e menos que haxa guerras, só quero unha pouca felicidade para este mundo. Sei que non podo facer nada para que todo iso se solucionase, por iso se é que hai alguén que pode facer algo, que o faga ¡caramba! que axude a tódolos que o precisan e sobre todo a aqueles nenos que sofren a guerra sen ter nada que ver nela.

Como se achega o día da paz, e no mundo non a hai, se non que só hai disputas, espero que non pase como o ano pasado que todo foron promesas, e seguimos coa mesma teima, guerra e máis guerra. Espero que os problemas se solucionen este ano, e que todo cambie para ben e que os gobernantes, se é que de verdade o son, fagan as paces e deixen a un lado as guerras dunha vez por todas.

E nós, os nenos, como non temos moitos medios, o único que podemos facer é aprender a vivir en paz coa nosa familia e con tódolos que nos rodean. Unha vez aprendido isto, de grandes, seranos imposible non practicalo.

Verónica Tato Vidal 8º



PAZ SIGNIFICA LIBERTAD

Paz significa libertad,
es una paloma,
una rama de olivo.
¡Que no haya guerra!
No hay motivo.

No es necesaria la guerra,
las armas a reciclar,
montones de juguetes haciendo
para poder divertinos.
Eso sí es un motivo.

Antonio Prada 8º


Sindo

Material escolar

Lapatería

Paquetería

SOBRADELO DE VALDEORRAS
(OURENSE) TNO. 335028



Muebles de Estilo

C/ COMPOSTELA N.º 1
TELEFONO 32 51 77
32300 O BARCO DE V. (OURENSE)

GREGUERÍAS

La Lengua Castellana también tiene su espacio en nuestro periódico. Aquí tenéis unas **GREGUERÍAS** tratando de imitar a Ramón Gómez de la Serna.

La hierba es el pelo del suelo, en verano se tiñe de marrón y en primavera de verde. *(Rosa María Pérez).*

Lo más difícil es coger un boleto de la lotería y que te toque. *(Roberto Iglesias)*

En los museos debería haber ventanas que se abran, para que los cuadros se aireen. *(Carmen Gil)*

El hielo en los caminos es como el jabón en el agua. *(Betty López)*

El topo es la escavadora natural de la Tierra. *(Javier Vega)*

El mando a distancia es el mejor criado del hombre. *(Nuria López)*

La corriente eléctrica es el río de la luz. *(Nuria López)*

El sol es el secador de la Tierra. *(Nieves Sánchez)*

La lluvia son las lágrimas de la Luna que caen a la Tierra. *(Nieves Sánchez)*

La basura es el alimento de los contenedores *(Marcos Eustaquio)*

El erotismo de los árboles se nota en invierno. *(Aintzane Cuadra)*

Las poesías son declaraciones de amor escritas.

(Susana Fernández).


Las almejas son las castañuelas de los pulpos en el mar.

(Patricia Fidalgo).



Ilustración: M^ª Eugenia Suárez

MIGUEL DELIBES: PREMIO CERVANTES



Este gran novelista nace en Valladolid en el año 1920.

Hombre sabio, modesto, con las ideas muy claras; desinteresado en el protagonismo y amante de la naturaleza.

Plasma en sus libros todo lo que realmente le preocupa; como los jóvenes, la pesca, la caza, etc...

Delibes deseaba ser dibujante, pero cayó en manos de la literatura, contagiado por la que más tarde sería su mujer, Angeles Castro.

Tras la muerte de su esposa, deja de escribir durante tres largos años.

Ahora, a sus setenta y tres años, recibe el premio Cervantes en la Universidad de Alcalá de Henares.

Trabajó como director en el periódico "El Norte de Castilla", junto a su colega y protegido Francisco Umbral.

Escribió "*Mujer de rojo sobre fondo gris*", novela en la que describe como era su mujer, que aparece tres años después de morir ésta.

Sus primeras novelas como "*377A, madera de héroe*", "*El último coto*" y "*Castilla habla*", "*El Camino*" expresan mucha más imaginación al inventarlas que otras como "*La sombra del ciprés es alargada*", "*Los santos inocentes*", y "*El disputado voto del señor Cayo*", en las que se expresa una forma autobiográfica de escribir.

También tiene como novela "*Cartas de amor de un sexagenio voluptuoso*", en la que da vida a un verdadero antihéroe.

Nuria, Esmeralda, Eduardo, Nieves, M^a Eugenia
(8^o Curso)

JUGUETERIA
LIBRERIA

murciego

Regalos y
Complementos

C/ Marcelino Suárez, 28 - Telf: 32 17 57 - BARRIO DE VAL DE ORRAS

Editorial Santillana

Libros para todos

REGUEIFAS DAS ALUMNAS DE OITAVO

Comezade vós primeiro,
que xa estamos agardando,
porque coma sempre pasa,
nós sairemos gañando.

Crédesvos moi listos
pensando que ides gañar,
moito nos imos rir
véndovos rabiari.

Xa nos estades fartando
e non nos podemos aguantar,
escribimos estas regueifas
mirade se as podedes superar.

Eu non quixera dicilo
pero é toda a verdade,
parecedes rapaciños
de moita menos idade.

Chamádesnos "sexo débil"
porque sodes moi machistas
pero xa vos demostramos
que somos moito máis listas.

Non queremos criticarvos
a pesar destas lerias,
mais se nos enfadamos
seguiremos coas regueifas.

Os rapaces queredes ser
o principal punto de atención,
unicamente sabedes facer
o mellor tonto en acción

Semella que tedes medo
mais non vos preocupedes,
nin os cen mellores homes
superan a un par de mulleres.

Aínda que vos doa,
a verdade sempre será esta,
sodes dezaseis galiños
sen espólons e sen cresta.

Dicides que as rapazas
non valen para nada,
pero algúns desta clase
xa teñen namorada.

REGUEIFAS DOS ALUMNOS DE OITAVO

Regueifas nos mandan facer
xa podedes comezar,
nós listos estamos.
¡As que ides levar!


As rapazas de oitavo
son todas unhas enchufadas,
cando van face-la pelota
van todas en manada.

As rapazas guapas
son como a gasolina
pouco a pouco...
se termina.

As rapazas de oitavo
crédesvos a gloria da nación,
pero máis ben vos parecedes
a unha triste canción.

As nenas da miña clase
levan faldas axustadas,
todas elas semellan
sardiñas escabechadas.

Mais a Historia continúa...



REGUEIFAS DAS ALUMNAS DE 7º

Oíde meus rapaciños,
xa vos podeades preparar,
aquí estamo-las nenas
para vos regueifar.

Tedes ganas de pelexa,
pois ídela a atopar,
que aquí estamos nós,
para vos acovardar.

Decides que sodes moi listos,
agora se vai demostrar,
mirades para nós de esguello
e comezades a suar.

Os rapaces da miña clase
sonche todos moi teimudos,
gordos coma pipotes
e tamén moi cabezudos.

Moito morro é o que tedes,
iso xa está comprobado,
prometedes moitas cousas
e logo sen resultado.

Pobriños destes nenos
non teñen nada que facer,
para chegar a ser como as nenas
moito teñen que aprender.

¡Andade con coidado!
Non digades vós nada,
tranquilos e sentados
coa boquiña pechada.

Os rapaces de sétimo
so serven para xogar partidos,
se gañan moi contentos,
se perden moi decaídos.

Moitas cousas vos diría
se pagase ben a pena,
non gasto máis enerxía
e calo como unha nena.

REGUEIFAS DOS ALUMNOS DE 7º

Xa estamos aquí, nenas,
non vos poñades nerviosas,
empezade coas regueifas,
non sexades empalagosas.


As nenas cando están na casa
fanse todas moi mandiscas,
pero ó saír ó camiño
son todas unhas medicas.

Sempre andades amolando
porque nos gusta o deporte,
se queredes saír con nós
xa teredes boa dote.

As rapazas están enchufadas,
ós "profes" pídenlles boa nota,
pero á hora da verdade
ningunha sabe a resposta.

Cando facede-los poemas
moito presumides,
mais á nosa cara
nunca nolo dicides.

As rapazas cando estudian
moi fachendosas están,
se as mandan repasar
só saben refunfuñar.



*Unha vez que as alumnas de sétimo e oitavo asoballaron "regueifando" ós rapaces dos mesmos cursos, sentiron a necesidade de face-las **REGUEIFAS DA PAZ.***

Sinto habervos insultado
coas regueifas o outro día,
tíñamolo obrigado
senón un cero nos poñían.

Admito a vosa simpatía
porque teño sentido do humor,
pero aínda me gusta máis
que non nos teñades rancor.

Aínda que estea facendo isto,
do outro día non me vou esquecer,
mais alá no fondo, no fondo...
un pouquiño vos imos querer.

Tedes que recoñecer,
e non andar matinando.
o outro venres de verdade,
de verdade vos puxemos pingando.

Xa sabemos que sodes moi homes
só faciades que regueifar,
pero non pensamos
que vos votariades a chorar.

Xa sodes moi bos mozos,
pero o outro día
tratámosvos coma rapaciños...
das aparencias ninguén se fía.

Os nenos de oitavo curso
son "cabaleiros" apostos,
algúns xa se parecen
ó Romeo do conto.

Unha canción escoitei
que me deu a inspiración,
non estades tan mal,
pero non sodes bombóns.

Non digades que sodes feros,
valentes e medio papóns,
porque no voso interior
só cabe un bo corazón.

As rapazas gañamos en listas
e tamén en intelixentes,
pero en rouba-la froita
quedamos impotentes.

O de antes foi para soltar
todo o que tiña dentro,
aínda hai algo gardado
pero queda para outro momento.

As veces moi bos sodes
para o que os convén.
Se forades bos sempre
nós seríamos boas tamén.

Non sodes bos nas regueifas,
outras virtudes teredes,
Unha, o bo corazón
outra, namorar ás mulleres.

É difícil encontrarlle
algo bo os rapaces,
pero nalgúns casos
todos facemo-las paces.

O outro día vos pasastes
pero sabemos perdoar,
bastantes nos insultastes
xa seguiremos a falar.



SEMPRE Ó SEU SERVICIO

**SUCURSAL
SOBRADELO DE VALDEORRAS**

O ENTROIDO

Para min o Entroido son días de ledicia nos que a xente pásao ben, e só pensa en disfrazarse e divertirse, ridiculizando a personaxes famosos, convertirse en animais, cousas ou calquera idea que lles veña á cabeza.

No Entroido gástanse bromas, celébranse festas, tírase fariña, asustas á xente,...

O martes de Entroido é o día sinalado, día no que todo o mundo se disfraza e os que non se disfrazan miran o desfile e rinse dalgúns disfraces; non se rin de se están ben ou mal feitos senón de como con catro trapos podes facer un disfraz gracioso e ó mesmo tempo bonito.

O último día destas festas é o mércores de cinsa no que se fai "O Enterro da Sardiña", día no que as mulleres se visten de viúvas e choran a marcha do Entroido.

O único malo destas festas é que deixan a un moi canso e sen ganas de traballar, pero despois de pasalo tan ben, ¿que importa estar cansos ou non se xa estamos desexando que chegue o ano seguinte?.

Patricia Fidalgo Alejandre 8º

CONXELADOS



PISCIS

O Barco de Valdeorras (Ourense)

UN POUCO DE MEDO

Unha tarde de verán, meus amigos e mais eu decidimos entrar nunha casa antiga que hai á beira da miña.

Cun pouco de medo entramos nela. Ó adentrarmos naquela especie de cova, había unha chea de columnas e pasadizos encrucillados, que nos levaron a unha sala moi grande.

Despois de discutir bastante sobre por que porta pasar, escollemos a da esquerda, que conducía a un escuro corredor.


Iamos todos preto uns dos outros e ben agarradiños.

De súpeto, tras dunha das columnas atopámonos cunha mole de metal que viña cara nós. Entón, aterrorizados, fuximos por onde puidemos tropezando uns contra os outros, e correndo, e correndo, chegamos a un corredor sen saída.

Mentres aquela noxenta armadura enferruxada nos perseguía, buscabamos desesperados unha saída. Cando aquela besta repugnante xa nos ía coller dei un brinco e...espertei.

¡Era un soño!. O reloxo de cuco marcaba as nove, tiña que erguerme para ir ó colexio.

Mario Arias Martínez 7º



A CHEGADA DUNHA ESTRAÑA

O oito de xuño de 1987 é unha data que marcou a miña vida por completo, e fíxome levar ás costas unha cruz máis grande ca de Xesucristo.

Eu recordo ben todo o que pasou, aínda que só tiña sete anos...

Recordo que en casa da miña avoa todos estaban moi nerviosos e pendentes da miña nai; eu pensaba que estaba mala pero, era algo peor ca iso.

Ese día oito, danme a leda noticia de que tiña unha irmanciña moi fermosa.

Dun brinco erguinme da cama, almorcei e correndo, marchei ó colexio medio atolandrada. Todo o mundo soubo que estreñaba irmá gracias a min. Ós poucos días comezaron as visitas.

Pouco a pouco, funme dando conta de que tódalas atencións eran para aquela invasora revolucionaria de menos de medio metro.

Aquela que dicían que era a miña irmá,

fíxome baixar varios postos na categoría de bicos e agasallos.

Eu preguntábame que tiña esa pulga para que todos a mimasen; total, sempre se facía pis e caca, e polas noites non paraba de chorar; comía coma os porcos e ademais erutaba; estaba chea de defectos, e sen embargo adorábana.


Eu non conseguía comprendelo.

Comecei a come-las uñas e a non falar tanto.

Leváronme o médico, e este dixo que tiña algo de celopatía; ó oír esa palabra, miña nai colleume no colo e bicoume. ¡Ah! e ó ir para casa mercoume unha boneca xigante.

Pouco a pouco, afíxenme a ter aquel bicho miúdo na casa, xogaba con ela, podíaa bañar e un cento de cousas máis, era como a miña boneca favorita.

María Eugenia Suárez Terrón 8º



¡VAIME MAL!

Os "profes" non queren que paremos,
mándannos moito traballo
para que así non xoguemos
e estar sempre pechados,
descorrendo todo o rato.

Hoxe, coma tódolos días,
estou facendo deberes,
habera que corrixir.
Temos tantos "deberes"...
ímonos a aburrir.

Primeiro toca "Matracas"
e ó estar corrixindo
miro ó caderno
e... ¡Vaime mal!

Despois temos Linguaxe
e máis tarde Naturais
e por fin acaba o día
tragándono-las Sociais.

¡Que día máis espantoso!
¡Que día máis horroroso!
Cada vez que corriximos
ó caderno miraba
e de dicir non paraba
¡VAIME MAL! ¡VAIME MAL!

Verónica Tato 8º



¡ME VA MAL!

Ya está el rutinario, pesado
con el dichoso me va mal.
debe estar medio atontado,
pues siempre lo dice igual.
¡ME VA MAL, ME VA MAL!

La pobre profesora,
harta debe estar
de que repitan ahora
el maldito me va mal.
¡ME VA MAL, ME VA MAL!

Termino ya con mi poesía
del famoso me va mal,
que es eterna melodía,
la decimos sin cesar...
¡ME VA MAL, ME VA MAL!

Beatriz García 8º

DEFENDER UNA LENGUA


Yo voy a defender el euskera como vasca que soy. No sé hablarlo porque a los ocho años me vine a vivir a Galicia, ya que trasladaron a mi padre por razones de trabajo. Sólo sé palabras sueltas que se hablan en casa y que recuerdo cuando fui a la escuela a los tres años, porque lo daba todo en euskera.

Mis padres, como tanta gente vasca, no saben hablar vasco porque en Euskadi ha estado prohibido hablar durante muchos años esta lengua debido a la dictadura franquista. En las ciudades no se hablaba, pero se ha conservado porque en las aldeas pequeñas se seguía hablando.

Creo que es importante que cada pueblo que tenga su lengua la pueda hablar y conservar, puesto que es parte de su historia, de sus costumbres, forma de vida,..etc; y porque es de gran importancia que cada pueblo pueda conservar sus raíces, puesto que esto trae una gran riqueza cultural.

Aintzane Cuadra 8º



Página de Educación Infantil



Arriba Neve e
maios 7 ananitos



A nosa primavera



LUIS SEOANE

Entre os galegos de ultramar está Luis Seoane, a quen este ano se lle adica o día das **LETRAS GALEGAS**, facendo o número 32 dos homenaxeados.

Non naceu Seoane en Galicia, pero si nun fogar de galegos, emigrados a Arxentina, onde viu a luz en 1910.

Con poucos anos volve a Galicia, onde fai os primeiros estudos e fórmase a súa sensibilidade. En Santiago estudia dereito, e en A Coruña chega a montar un estudio xurídico, pero a súa vocación artística arrástrao por outros vieiros. Ós 19 anos fixo a primeira exposición.

Seoane baixa tamén a área política e participa activamente nas loitas estudiantís.

Artista polifacético, escritor, pintor, gravador, muralista, Luis Seoane é homenaxeado nesta ocasión polo seu labor literario, especialmente como poeta, aínda que



tamén foi narrador, dramaturgo e sobre todo ensaísta, aínda que é mais coñecido como pintor, muralista e debuxante.

A súa tetraloxía poética, comeza no ano 1952 co seu libro "FARDEL DE EISILIADO", e remata no 1972 con "A MAIOR ABONDAMENTO".

CARLOS P., CARLOS F., OSCAR,
IGNACIO e IVAN 7º

**AUTOSERVICIO
ARGENTINA**

- UNICO -

**SOBRADELO DE VALDEORRAS
(OURENSE) TELF. 335166**



TALLERES Y RECAMBIOS FIDALGO, S.L.



Teléfono y Fax 33 50 59

SOBRADELO DE V. (Ourense)

Página de Primeiro

primavera
 cantan los pájaros
 juegan los niños y las niñas
 nacen las flores
 la primavera da vida
 nace la hierba
 ¡es primavera!

¡ya es primavera!
 A las flores del campo
 agua le echa
 las flores son azules
 los pájaros vuelan
 También se enamoran
 las traxas verdes
 las mariposas juegan
 la primavera ha llegado
 ¡ya es primavera!

¡é primavera!
 os animais nacen
 os nenos e as nenas
 colben flores de cores
 ¡ca é primavera!

Primavera
 nacen las hojas de los árboles
 la lluvia rebota sobre ellos
 las flores nacen
 el sol sale
 ¡qué bonita es la primavera!

primavera
 cantan los pájaros
 juegan los niños y las niñas
 nacen las flores
 la primavera da vida
 nace la hierba
 ¡es primavera!

A primavera
 campos verdes
 flores rosadas
 os animais livres
 ¡qué bonita é a primavera!

Páxina de Segundo


Conto

Os ratos do campo

Había unha vez dous ratos que vivían ledos, corían, saltaban, ect.

Pero un bon día pasou un gato. Vín os ratos e empezou a perseguilos. Un rato díxolle o outro: Temos que facerlle unha trampa! Si pero é como? Temo unha idea, vamos o río a pescar unha kroita. Faremos un burato tapando con follas e poñemos a kroita no medio e unha boa lausa por arriba. Cando o gato se acercou por ali dando diño: ¡Eique non cheiro a rato! ¡Este doce é de peixe! Foi escarbar e tras o gato caiu no burato.

O pobre gato so lle quedou o rabiso fora. Enton os dous ratos moi ledos celebraron a morte do seu inimigo cunha festa a que invitaron a todos os ratos do campo.



O DÍA DA NAI

O domingo primeiro de Maio celébrase o Día da Nai. Todos menos felicitamos ese día a nosa nai, con gran agarimo, facéndolle algun agasallo enchendoa de bicos e abrazos. Prometémoslle ser cada vez máis boz, estudar como tolos e moitas cousas máis.

Como estamos no mes de maio, mes da Virxeen María, pidímoslle a Nbi do Cea que dea saúde a nosa naiçá da terra e que Ela desde alo cuide sempre.

Virxeen María
que estas no ceo
moito che queremos
tódolos nenos

Garda a nosa nai
e faina feliz
pois ela ensinoune
a quererte a ti



Páxina de Cuarto

CHINCHANCHÓN E OS DOUTORES



Certo día xuntáronse os doutores Espisquis e Caoca para salva-lo mundo. Tamén estaba o malvado Chinchanchón que



goberna-lo planeta.

- ¡Eu apoderareime vado Chinchanchón. Nunca te apoderas Espisquis.

- Antes de que te remoste, dixo o O malvado Chinchanchón que



do planeta enteira!, dixo o malchón ras do planeta, dixo o doutor

apoderes nós destruidor Caoca. Chinchanchón non lles tiña

- Estes doutores son moi listos, ¿como os destruireis?, pensou para si o malvado Chinchanchón

- ¿Este malvado pensa que nós vai a destruír?, dixeron os doutores.

- Pois está moi equivocado, dixo o doutor Espisquis

O tempo pasou pouco a pouco, o malvado Chinchanchón e mailos doutores xa tiñan preparadas as súas armas.

Chinchanchón mandou un telegrama ós doutores, dicíndolle que ás seis da tarde se apoderaría do planeta.

Os doutores descubriron que Chinchanchón odiaba o lume.

Cando foron a destruílo prenderon lume no campo de leita.

E deste xeito destruíron para sempre o malvado Chinchanchón, e poideron salvar moita xente.


Por Nuria e M^a José

UNHA PEQUENA HOMENAXE

Hai uns días enterabámonos do pasamento do debuxante de cómics Escobar. Creador dos inesquecibles personaxes como "Petra, criada para todo", e os nosos mellores amigos "Lipi e Lape".


Nós desde estas páxinas queremoslle facer unha pequena homenaxe a quen durante tantos anos fixo pasar bos ratos a moitos nenos e nenas.





Fin

Este cómic está feito por nós, ¿por que non tratades de enche-los globos? Non esquezades poñe-lo título. Animo.



OS NOSOS MAIOS

Chegou o Maio
querémolo cantar,
é o primeiro ano
saberannos desculpar.

Non pretendemos ferir,
nin tan pouco insultar,
so queremos amosar
o que os adultos nos dan.


Se as noticias queres saber
un xornal has mercar
cóbrancho ben cobrado
e so serve para queimar.

Fálannos mal das drogas,
din que son prexudiciais
máis algunha xente
quere facelas legais.

Queixádesvos de que vemos
moito a televisión.
¡Se non hai lugares
para outra diversión!

Din que nas librerías
xa non venden libros,
estes están moi caros
e nós non somos ricos.

Os políticos nas eleccións
non fan máis ca prometer,
dende que teñen o seu escano
só cartos nos fan perder.



M^a José Estévez 4^o

España está en crise
pola culpa do goberno,
por iso tódolos políticos
irán parar ó "inferno".

Os políticos din
que a crise está a acabar,
pero o alcohol e as drogas
seguen a triunfar.

Alumnos de 8^o



Banesto

BANCO ESPAÑOL DE CRÉDITO

Un banco onde investir con seguridade

PASATEMPOS E...

Sopa de Letras

Busca na sopa de letras catorce casas da paz sue.

C R C O R D I L L E I R A
 K A A G O K C Z A S R B W
 A R M O S R A K M T H X L
 H A I L D R U Y V R E S N
 Z U Ñ F I T D O C A B O A
 V J O O D S A H E D L V S
 O P M N S C L T R A S M V
 P E N I N S U L A I E N T
 Q L A F L U E N T E R S K
 R A N U Y Z C Ñ C O R K S
 S G O P Q R S T R A A O N
 M O N T A Ñ A W K P X Z N

David López, Lidia e M^a José
 4^o de Primaria

Sopa de Números

Busca y rodea diecisiete números capicúas de tres y cuatro cifras.

9 2 0 8 2 4 9 8
 2 4 2 1 1 2 6 7
 4 2 3 9 2 3 0 7
 3 2 1 9 4 7 7 8
 6 0 4 0 0 4 8 0
 7 9 6 9 0 4 8 9
 9 8 9 2 4 1 7 5
 8 0 0 8 5 5 6 5
 2 9 1 0 4 7 4 9

M^a José e Nuria
 4^o de Primaria

MOITO HUMOR

Un chino vai vivir onde seu amigo Curro que tiña cincuenta cans nunha finca. Pola noite os cans non deixaban durmir ó chino; entón chamou ó comisario:

- Señor comisario, los pelos del Culo no me dejan dolmil.
- Pois aféiteos.

Eu non bebo nin fumo, nin digo palabrotas.

- Anda a c..., olvidei a pipa no bar.

Esto é un paraugas; cando hai atasco lévate polos aires. O malo é que cando para de chover o paraugas cérrase e...

- Paco, véndoche o coche.
- E, ¿para que quero eu un coche vendido?

- Canto costa o autobús?
- Cen ptas.
- Pois que baixen todos. ¡Quédome!

Estaban no Canadá e di un:

- Señor cabo, non cabo na capela.
- Non é cabo, é caibo.

O outro:

- Señor caibo, non cabo na capela.

Guillermo, Álvaro, Darío e Marta V.
 4^o de Primaria

SERVICIO DE TAXI



José Teixeira Fernández

Teléfonos 33 52 18
 SOBRADELO DE VALDEORRAS (Orense)

DEPORTE ESCOLAR

FÚTBOL SALA

Durante o primeiro trimestre do curso celebrouse no colexio unha competición interna de fútbol sala nas categorías alevín e infantil.

Na **liga alevín** a clasificación foi a seguinte: O Robledo 11 puntos, Snta. Cruz 9, Viladequinta 3 e Pumares 1 punto.

Os máximos **goleadores** foron Marcos Couso con 14 goles, Óscar Vidal 13, Miguel Eustaquio 12 e Daniel Prieto con 11.

Na **liga infantil** os resultados foron os seguintes: Snta Cruz 10 puntos, Pumares 7 puntos, Viladequinta 5 puntos e Sobradelo 2 puntos.

Os máximos **goleadores** nesta clasificación foron Javier Vega e Nuno Miguel con 15 goles cada un e José Ramón Herrero e Marcos Eustaquio con 11.

Merecen especial mención pola súa **deportividade** Carlos Firmino Costa e Ernesto Arias Merayo.

LIGA INTERCENTROS: FÚTBOL SALA

En **categoría cadete** a clasificación foi a seguinte:

Primeiro posto **Sobradelo**, segundo Rubiá e terceiro O Bolo.

Categoría infantil:

Primeiro posto **Sobradelo**, segundo Rubiá e terceiro Vilamartín.

Categoría alevín:

Primeiro **Sobradelo**, segundo Viladequinta e terceiro O Bolo.

CAMPO A TRAVÉS

Os alumnos do Colexio de Sobradelo tamén participaron nas probas de Campo a través escolar.

Na proba organizada polo colexio a clasificación dos alumnos foi a seguinte:

Alevín feminino, Sandra Herrero que acadou o quinto posto.

Alevín masculino, Armando López 2º, Óscar Vidal 3º e Ervigio López 5º.

Infantil feminino, Vanesa Escuredo 4º posto.

Infantil masculino, José Ramón Herrero 2º posto e Daniel Prieto 4º.

Os alumnos dos equipos alevín, feminino e masculino, e infantil masculino clasificáronse para o campionato provincial celebrado celebrado nas instalacións deportivas de Monterrei.

Nesta competición as actuacións máis destacadas foron as de José Ramón Herrero que acadou o terceiro posto e Armando López que quedou en 6º. Estes dous alumnos participaron no Campionato autonómico galego que se celebrou na cidade de A Coruña, obtendo ámbolos dous unha clasificación moi meritosa.

(Datos recibidos dos alumnos de 6º)

COMERCIALIZACIÓN	DE PERCEDEROS
BERCIANA DE	DE PERCEDEROS
<div style="border: 1px solid black; padding: 10px; display: inline-block;"> <p style="font-size: 2em; margin: 0;">B . C . P</p> </div>	

Avda. de Galicia, 263

Telfs. 426645/46 - Fax 427576

24400 **PONFERRADA** (León)